



## INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*Resolución do 21 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2010, cofinanciadas polo Feder no marco do programa Feder-Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria.*

A sensibilidade especial que para a cidadanía está a ter o uso racional da enerxía influíu de forma importante no enfoque das administracións públicas, que unanimemente están a actuar neste campo, prestando o seu apoio ás iniciativas que sobre aforro e eficiencia enerxética ou enerxías renovables se están a desenvolver na actualidade.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) contén xa na súa lei de creación, Lei 3/1999, do 11 de marzo, unha referencia expresa ao fomento destas actividades, concretada a través do impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, á mellora do aforro e a eficiencia enerxética, ao fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, á óptima xestión dos recursos

enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia. Igualmente, prevé a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

Para o desenvolvemento dos obxectivos anteriores, o Inega establece este sistema de subvencións complementario aos creados por outras entidades públicas para proxectos que fomenten o aforro e eficiencia enerxética e as enerxías renovables.

En consonancia con todo isto, o Consello de Ministros no 20 de xullo de 2007, aprobou un plan de acción para o período 2008-2012, para o desenvolvemento da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España 2004-2012 (PAE4+), cumprindo, así, cos compromisos internacionais na materia.

Para a posta en funcionamento do referido plan, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) deseñaron mecanismos de colaboración con todas as comunidades autónomas, que faciliten a articulación das medidas en todo o territorio estatal, tendo en consideración, ademais, as necesidades e obxectivos de cada comunidade en función das súas propias peculiaridades, e do seu respectivo ámbito competencial. Neste sentido, asinou se entre o IDAE e o Inega, con data do 3 de xullo de 2008, o conve-

nio de colaboración para a execución das actuacións de aforro e eficiencia enerxética establecidas no marco do citado plan de acción 2008-2012 da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética (PAE4+).

No caso de Galicia e para o ano 2010, cóntase cun orzamento derivado deste convenio de 16.280.308 euros para medidas ou actuacións de aforro e eficiencia enerxética.

Á sinalada contía hai que engadir a consignada nos orzamentos do propio Instituto Enerxético de Galicia, que para o ano 2010 conta cunha partida de 2.676.295,47 euros.

Como un dos órganos encargados de desenvolver a política enerxética da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Inega considera de máximo interese potenciar as actuacións de mellora do aforro e a eficiencia enerxética, as enerxías renovables e a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores en Galicia.

**Artigo 1º.-Convocatoria e actuacións subvencionables.**

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, así como convocar as devanditas subvencións para o ano 2010, para os proxectos de aforro e eficiencia enerxética en Galicia, que se inclúen no anexo I desta resolución.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e quedará suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006, relativo ás axudas *de minimis* (DOUE do 28 de decembro), ao Regulamento (CE) 875/2007, do 24 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro (DOUE do 25 de xullo) e ao Regulamento (CE) 1535/2007, do 20 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas (DOUE do 21 de decembro).

3. A liña de axudas relativa á renovación das instalacións de iluminación pública exterior/Renovación de semáforos (Ile/Sem) está suxeita ao disposto no Regulamento (CE) 1083/2006, do 11 de xullo, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión (DOUE do 31 de xullo), ao Regulamento (CE) 1828/2006, do 8 de decembro, da Comisión, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, e ao Regulamento (CE) 1080/2006 do 5 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE do 31 de xullo), así como aos regulamentos comunitarios en materia de información e publicidade.

4. Consideraranse actuacións subvencionables as incluídas no anexo I desta resolución realizadas entre o día 1 de xaneiro de 2010 e o día 15 de setembro de 2011, sempre que se executen dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 2º.-Financiamento.**

As subvencións imputaranse ás seguintes contas contables:

1. A establecida no plan de traballo aprobado polo IDAE no 30 de abril de 2010, na contía de 6.199.657 €, con cargo á conta contable 6565010.

2. As cantidades consignadas nos orzamentos do Inega, con cargo á conta contable 6565010, que estarán cofinanciadas parcialmente nun 70% polo Feder Galicia 2007-2013, eixe 4 (transporte e enerxía), tema prioritario 43 (eficiencia enerxética, coxeración e xestión enerxética), actuación 2 (renovación de instalacións de iluminación pública exterior existente).

**Programa de axudas públicas para o aforro e eficiencia enerxética**

Sector	Código	Concepto	Fondos E4+ (€)	Feder+FCL+fondos Inega (€)
Industria	IN417B	Auditorías enerxética (AED)	1.340.000	
	IN417C	Proxectos de aforro e eficiencia enerxética (PEI)		
Transporte	IN417D	Estudos integrais de mobilidade urbana sustentable (PMUS) (EPM)	871.307	
	IN417E	Estudos de viabilidade de PMUS (VPM)		
	IN417F	Plans de transporte para empresas (EPT)		
	IN417G	Xestión de frotas de transporte (XFT)		
Edificación	IN417H	Rehabilitación envoltante térmica dos edificios existentes (ENV)	1.000.000	
	IN417I	Mellora das instalacións térmicas edificios existentes (TER)		
	IN417K	Construción de novos edificios con alta cualificación enerxética (CNE)		
	IN417L	Auditorías enerxéticas nos edificios do sector residencial e servizos (AES)	670.763,33	
	IN417M	Bombas de calor xeotérmicas (BCX)		
	IN417N	Bombas de calor aire aire e aire auga nova construción (BCA)		
Servizos públicos	IN417P	Renovación das instalacións de iluminación pública exterior / Renovación de semáforos (Ile/SEM)	2.571.428,57	1.928.571,43
	IN417Q	Auditorías enerxéticas en iluminación pública exterior (AEP)	153.921,43	76.960,71
Transformación enerxía	IN417R	Auditorías enerxéticas en coxeracións (AEC)	108.000	
	IN417S	Estudos de viabilidade para coxeracións (EVC)		
Agricultura	IN417V	Auditorías enerxéticas e proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector pesqueiro (PES)	155.000	
	IN417W	Auditorías enerxéticas e investimentos de aforro e eficiencia enerxética en explotacións agrarias (AGR)		
Total			6.199.657	2.676.295,47

De acordo co artigo 30 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe total dos fondos para cada concepto entenderase máximo, ben que se prevé a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subven-

cións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios de valoración do artigo 13º destas bases reguladoras.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

A ampliación de crédito publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Inega, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

No caso de que o número de solicitudes viables nun concepto concreto non esgote o crédito consignado para el, o sobrante poderá asignarse a algún dos restantes conceptos recollidos no presente programa de axudas públicas.

#### Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, en especial os indicados no anexo I, os seguintes:

a) Persoas físicas maiores de idade ou emancipadas que teñan plena capacidade de obrar.

b) Persoas xurídicas legalmente constituídas.

c) Agrupación de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica. Nestes casos, deberase facer constar expresamente na solicitude, así como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios.

Ademais, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

d) Fundacións, asociacións e comunidades con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 3º da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as previstas no artigo 1 do Regulamento (CE) 1998/2006 (DOUE do 28 de decembro) da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á

aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

#### Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

1. A solicitude de subvención será presentada segundo os modelos normalizados dos documentos anexos II e III ás presentes bases reguladoras. Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes en que non figuren cubertos os campos obrigatorios, nin aquelas outras que non acheguen os formularios conforme o establecido no presente artigo. Todo o anterior sen prexuízo do disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude acompañarase da documentación que se relaciona no artigo seguinte.

2. Os formularios de solicitude deberán ser obtidos, cubertos e validados polo solicitante a través do enderezo <http://www.inega.es/axudasinega2010>. Estes modelos valerán tanto para a súa presentación en papel, una vez impresos, como para a presentación electrónica, que se describe no artigo 6º.

3. Poderanse cubrir e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 14.00 horas do día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

4. Para cubrir correctamente os formularios de solicitude no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, os interesados poderán dirixirse ao Inega, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación de solicitudes.

Os anexos II e III desta convocatoria publícanse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) exclusivamente para efectos informativos, sendo necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

5. Coa solicitude xuntarase a documentación correspondente. No caso da presentación telemática, presentarase igualmente coa solicitude os documentos que sexa necesario presentar. O Instituto Enerxético de Galicia poderá, en calquera momento do procedemento, requirir aclaracións sobre os documentos presentados telematicamente.

6. Non se admitirán a trámite as solicitudes referentes a proxectos que xa se presentasen en convocatorias anteriores e lle fose concedida a axuda correspondente, agás que previamente renuncien a elas.

7. Nos proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (Ile), renovación de instalacións de semáforos (Sem) e auditorías enerxéticas en iluminación pública exterior (AEP),

so caberá que o peticionario presente unha solicitude por liña de axuda, que non poderá superar a contía de 100.000 € en concepto de custo elixible.

*Artigo 5º.-Documentación necesaria.*

A documentación que é necesario presentar deberá ser orixinal ou copia compulsada, non admitíndose as copias simples, e será de dous tipos: a xenérica e a técnica de cada un dos procedementos que figuran no anexo I. Dentro da documentación xenérica, unha será igual para todos os solicitantes, e outra en función do tipo de beneficiario.

A. Documentación xenérica. Cada solicitante cubrirá por una soa vez a parte administrativa exixida na aplicación informática, independentemente do número de proxectos que presente, e a devandita aplicación xerará unha documentación xenérica para cada proxecto solicitado, que o solicitante deberá presentar co referido proxecto técnico.

A.1. Documentación que deben presentar todos os solicitantes:

1. Modelo de solicitude (anexo II ADM 00). Marcarase expresamente o procedemento correspondente ao concepto solicitado.

2. Declaración responsable (anexo II ADM 01) referida aos seguintes puntos:

a) Non encontrarse en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario das subvencións establecidas no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Non atoparse en ningún dos supostos establecidos no artigo 1 do Regulamento (CE) 1998/2006 (DOUE do 28 de decembro) da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

3. Declaración expresa doutras axudas (anexo II ADM 02).

A solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións expedidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

No caso de que o solicitante denegue expresamente a devandita autorización, deberá, obrigatoriamente, presentar as certificacións coa solicitude. Non obstante o anterior, están exentos de presentar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social os beneficiarios das subvencións establecidos no artigo 48 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2010.

A.2. Documentación que, se for o caso, deben presentar en función do tipo de beneficiario:

1. Empresas.

A solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar ao Rexistro Mercantil toda a información das empresas solicitantes que sexa necesaria para a resolución do procedemento.

En caso de non ter o domicilio social en Galicia, deberá acreditarse a existencia dun centro de traballo ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable en Galicia.

As entidades que non se encontren obrigadas por lei a se inscribiren no Rexistro Mercantil ou calquera outro rexistro público, presentarán a documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente.

2. Autónomos.

A presentación da solicitude implica a autorización ao órgano xestor para solicitar o certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria en que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas (IAE) en que figura dada de alta a empresa solicitante. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización, deberá, obrigatoriamente, presentar a certificación coa solicitude.

3. Administracións públicas.

-Certificación do acordo do órgano competente para solicitar a subvención, en que conste o compromiso de realizar a actividade pola que se pide a subvención, no caso de obtela.

-Certificación expedida pola Secretaría-Intervención ou informe da Intervención-Tesouraría declarando que a actividade se encontra suxeita ao IVE e non pode repercutilo.

4. Entidades sen ánimo de lucro.

-Acreditación da representación coa que se actúa.

-Declaración expresa de que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a unha actividade empresarial ou profesional (anexo II ADM 03).

5. Agrupación de persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade xurídica.

-Documentación acreditativa da súa constitución.

-Documentación acreditativa da representación con que se actúa.

-Documento en que consten os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, indicando a porcentaxe da subvención que se

vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios (anexo II ADM 04).

#### 6. Particulares.

-Declaración expresa de que o obxecto da subvención non se dedica, nin se adscribe a unha actividade empresarial ou profesional (anexo II ADM 03).

#### B. Documentación técnica. Consta de:

##### 1. Datos xerais do proxecto (anexo II TEC 01).

2. Memoria técnica en función do procedemento e concepto solicitado, debendo presentarse unha documentación completa por cada proxecto para o cal se solicita subvención (anexo III).

3. Documentación técnica propia de cada procedemento establecida no anexo I.

#### Artigo 6º.-*Presentación das solicitudes. Lugar e prazo.*

1. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación das presentes bases no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 30 de setembro de 2010, agás nas axudas relativas ás auditorías enerxéticas sector servizos (AES), bombas de calor xeotérmicas (BCX), bombas de calor aire-aire e aire-auga nova construción (BCA), renovación das instalacións de iluminación pública exterior/Renovación de semáforos (Ile/Sem) e auditorías enerxéticas en iluminación pública exterior (AEP), nas cales o prazo rematará o 31 de agosto de 2010.

2. As solicitudes poderán presentarse en formato electrónico, ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do solicitante ou do representante legal da entidade que solicite a axuda, téndose que cumprir os requisitos que regulamentariamente son necesarios para a presentación electrónica.

3. Ademais da presentación electrónica, as solicitudes tamén poderán presentarse en formato papel no Rexistro Único do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo 5, 15703 San Lázaro, Santiago de Compostela. Tamén poderán presentarse ante calquera outro órgano da Xunta de Galicia, da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 7º.-*Concorrenza con outras axudas.*

1. O importe da subvención outorgada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en

concorrenza con outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou doutros organismos internacionais, supere o 100% do custo elexible. En todo caso, deberán respectarse as condicións establecidas para cada réxime de axudas na normativa que resulte de aplicación.

2. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Enerxético de Galicia tan axiña como o interesado teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación do investimento realizado.

3. O incumprimento do disposto neste artigo considerase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 16º destas bases reguladoras.

4. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006, relativo ás axudas *de minimis* (DOUE do 28 de decembro), deberase garantir, no caso de axudas a empresas, que no caso de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime *de minimis*, non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Polo que respecta ás axudas ás empresas que operan no sector transporte por estrada, este límite fíxase en 100.000 euros. A axuda total *de minimis* concedida a unha empresa durante calquera período de 3 exercicios fiscais redúcese a 30.000 euros para as empresas do sector pesqueiro, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 875/2007, do 24 de xullo (DOUE do 25 de xullo) e a 7.500 euros para as empresas dedicadas á produción primaria de produtos agrícolas, de acordo co establecido no Regulamento (CE) 1535/2007, do 20 de decembro (DOUE do 21 de decembro).

5. Por estaren tamén incluídas parte das actuacións subvencionables dentro do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, os gastos cofinanciados por un fondo non poderán acollerse a outras axudas procedentes do mesmo fondo ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios, de conformidade co artigo 34 do Regulamento (CE) 1083/2006.

#### Artigo 8º.-*Gastos subvencionables e non subvencionables.*

1. Serán gastos subvencionables os recollidos segundo a natureza da actividade subvencionada no anexo I das presentes bases.

2. O imposto sobre o valor engadido (IVE) será subvencionable:

-Cando o solicitante da axuda sexa unha entidade sen ánimo de lucro ou un particular e, en ambos os dous casos, efectúen unha declaración responsable de que o obxecto da subvención non se dedica nin se

adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional (anexo II ADM 03).

-Cando o solicitante sexa unha administración pública, sempre que acheguen o certificado a que se refire o artigo 5, letra A.2, punto 3.

3. Non serán subvencionables os gastos que se realicen en pagamento de licenzas, gastos sometidos a aranceis, adquisición de bens de segunda man e os recollidos con tal carácter no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De existir cofinanciación comunitaria, ademais dos referidos supostos, observárase o disposto na Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e do Fondo de Cohesión (BOE nº 53, do 1 de marzo).

#### Artigo 9º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Inega publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

A devandita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais ao IDAE, á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do Instituto Enerxético de Galicia sito na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña).

#### Artigo 10º.-*Órganos competentes.*

O Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Instituto Enerxético de Galicia será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponde ao director do Instituto Enerxético de Galicia ditar a resolución de concesión ou, se for o caso, de denegación.

#### Artigo 11º.-*Instrución dos procedementos.*

1. Unha vez presentada a solicitude xunto coa documentación que a acompaña por parte do interesado, o órgano instrutor comprobará se reúne todos os requisitos e documentos sinalados nos artigos 4 e 5 destas bases. De non ser así, outorgarase un prazo de corrección ou emenda de dez (10) días hábiles, coa advertencia expresa ao solicitante de que, se non atende ao dito requirimento, se terá por desistido da súa petición e se arquivará o expediente (artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos organismos a que se refire o artigo 5º das bases: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social; Consellería de Facenda; Rexistro Mercantil e outros rexistros públicos.

2. Tales requirimentos de corrección serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a través do taboleiro electrónico habilitado para estes efectos na páxina web do Inega, onde se establecerá o contido pormenorizado do requirimento que se fai. Tamén se poderá facer indicación de que os seguintes actos administrativos do procedemento serán notificados a través do citado taboleiro.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que forneza cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Logo de revisar as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que

formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

*Artigo 12º.-Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) O director do Departamento de Secretaría e Servizos Xerais do Inega.

b) A xefa da Área de Aforro e Eficiencia Enerxética do Inega.

c) Un técnico da Área de Aforro e Eficiencia Enerxética do Inega.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das solicitudes quedarán en reserva e poderán ser atendidas ben co crédito que ficase libre no caso de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento do crédito orzamentario destinado a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

*Artigo 13º.-Criterios de valoración.*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables.

Ademais do cumprimento das bases reguladoras, dentro de cada sector, a valoración dos proxectos terá en conta os seguintes criterios:

-Aforro e eficiencia enerxética: 50% (no caso dos estudos e auditorías, neste punto valorárase a solución técnica, a experiencia e o equipamento da empresa auditora).

-Mellora ambiental adicional á obtida por motivos enerxéticos (avaliárase a redución de emisións, de residuos ou de materias primas adicionais ás derivadas de aforro enerxético): 15%.

-Existencia dunha auditoría enerxética ou informes específicos enerxéticos que describan a situación de partida e a valoración da mellora que a execución do proxecto produce sobre o aforro enerxético. Deberán estar subscritos por un técnico ou unha

empresa consultora con recoñecida experiencia na materia: 15%.

-Relación aforro/investimento: 20%.

*Artigo 14º.-Resolución e notificación.*

1. A comisión de valoración estudará as solicitudes e elaborará unha relación delas coa puntuación que lle corresponde a cada unha, en aplicación dos criterios de valoración establecidos no artigo 13º.

2. Elaborada a relación prevista no número anterior, e sempre con anterioridade á resolución do procedemento, efectuarase o trámite de audiencia, por un prazo de 10 días. Porén, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco (5) meses contados desde a data de finalización do período de presentación das solicitudes. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das resolucións estimatorias poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a través do taboleiro electrónico habilitado para estes efectos na páxina web do Inega, onde se ampliará o contido individualizado da resolución. Nestas publicacións especificárase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

5. As solicitudes que resulten seleccionadas pasarán a formar parte da lista pública de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006, do 8 de decembro, da Comisión, polo que se fixan as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) 1083/2009, do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

*Artigo 15º.-Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta resolución non porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen pre-

xuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso de alzada ante o presidente do Consello de Administración do Inega, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

b) Contra a resolución do recurso de alzada poderá interporse recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

#### Artigo 16º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda ou subvención.

O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida ao director do Instituto Enerxético de Galicia acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo director do Instituto Enerxético de Galicia, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lles dará audiencia aos interesados. No entanto, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

#### Artigo 17º.-*Aceptación ou renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan, para os únicos efectos da optimización da xestión dos fondos dispoñibles, o beneficiario da axuda disporá dun prazo de dez días para a aceptación da subvención concedida.

2. Transcorrido dito prazo sen que o beneficiario presentase a súa aceptación, entenderase tacitamente aceptada de conformidade co disposto no artigo 21.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 18º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o Instituto Enerxético de Galicia o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Instituto Enerxético de Galicia, así coma calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Ademais, no caso de fondos comunitarios, someterase á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

d) Comunicar ao Instituto Enerxético de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Manter o investimento de que se trate por un período mínimo de cinco anos, unha vez rematado o proxecto.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das sub-

vencións e normas comunitarias, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control, así como facilitar a pista de auditoría. Así mesmo, deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, durante un período de tres anos a partir do peche do programa operativo.

g) O beneficiario da subvención deberá dar publicidade ao financiamento polo Inega do investimento que sexa obxecto de subvención, consistente na inclusión da imaxe institucional do Instituto Enerxético de Galicia, a Consellería de Economía e Industria e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, así como rotúlos relativos ao financiamento público nos carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos audiovisuais, ou ben en mencións realizadas nos medios de comunicación, sen prexuízo das normas sobre publicidade establecidas na normativa comunitaria que, se for o caso, sexan de aplicación.

Para dar cumprimento á obriga de publicidade, seguiranse as instrucións específicas que se recollen no enderezo da internet <http://www.inega.es>

En todo caso, o beneficiario estará obrigado a cumprir as medidas en materia de información e publicidade reguladas na sección 1 do capítulo II do regulamento CE 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, relativas ás medidas de información e publicidade, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, coas modificacións introducidas polo regulamento (CE) 846/2009, da Comisión, do 1 de setembro. Estas medidas están recollidas na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013, que pode consultarse na páxina web da Consellería de Facenda.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 19º.-Subcontratacións.

1. Permítese a subcontratación total ou parcial sobre o importe da actividade para que se solicita a subvención.

2. Non se considerará subcontratación nin a adquisición dos equipamentos nin a contratación da súa instalación e montaxe.

3. Cando a actividade concertada con terceiros exceda o 20% do importe da subvención e o referido importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontrata-

ción estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

-Que o contrato se celebre por escrito.

-Que a celebración daquel se autorice previamente polo Instituto Enerxético de Galicia.

Non se poderá fraccionar un contrato co obxecto de diminuír a contía deste e eludir o cumprimento dos requisitos exixidos no punto anterior.

4. As entidades beneficiarias de subvencións poderán subcontratar ata o 70% da actividade subvencionada con empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente polas entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

En todo caso, as subcontratacións faranse de acordo coas condicións normais de mercado, sendo necesaria, igualmente, a autorización previa da persoa titular do órgano concedente da subvención, que se entenderá concedida no suposto de que este non se pronuncie sobre o particular despois de transcorrido o prazo de 10 días desde a presentación, por parte da entidade beneficiaria, do escrito de solicitude onde consten os beneficios sociais e as vantaxes que a subcontratación fornece á mellora da eficiencia na utilización dos recursos públicos.

5. En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas coas persoas descritas no artigo 27.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

6. En todo o demais, as subcontratacións que se efectúen rexeranse polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 20º.-Xustificación da subvención.

Para o cobramento da subvención concedida, ademais dos documentos específicos previstos no anexo I para cada tipo de actuación, o beneficiario deberá presentar a documentación orixinal ou copia compulsada que se relaciona a seguir:

a) Declaración expresa por parte do beneficiario de que o proxecto foi executado conforme o indicado na resolución de concesión.

b) Conta xustificativa composta de:

1. Xustificante do gasto mediante presentación de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercan-

til ou con eficacia administrativa, debendo conter obrigatoriamente a desagregación por conceptos e/ou unidades de obra.

2. Xustificante do pagamento efectuado polo beneficiario:

-Xustificante bancario (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

-Efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio): presentárase copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

-Naqueles casos en que os investimentos se fixen mediante contratos de préstamo ou *leasing*, a axuda aplicarase á amortización anticipada parcial de préstamo/*leasing*, diminuíndo o principal pendente. A financiación dos proxectos a través destas fórmulas non poderá usarse na liña relativa á renovación das instalacións de iluminación pública exterior/Renovación de semáforos (Ile/Sem).

-Non se admitirán como xustificante os documentos acreditativos de pagamentos en efectivo, nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

Tanto os xustificantes de gasto como os de pagamento deberán realizarse coa data límite do 15 de setembro de 2011 prevista neste artigo.

c) Acreditación da elección da proposta económica máis vantaxosa -ou, de ser o caso, presentación de memoria xustificativa sustentada en criterios de eficiencia e economía de non acollerse a tal criterio de elección- cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros se se trata de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, de entre as 3 ofertas que como mínimo debe presentar o beneficiario.

Non será necesaria tal acreditación:

-Se a elección entre as ofertas xa se especificou coa presentación da solicitude da subvención.

-Se polas especiais características dos gastos subvencionables non existe no mercado suficiente

número de entidades que o subministren ou presten, debendo o beneficiario neste suposto prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

-Se o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención.

d) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento para o cal se concedeu esta subvención en calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado. No caso de ser beneficiario dalgunha axuda ou subvención para a mesma actuación deberá presentarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa presente subvención. Por estar a convocatoria suxeita ao réxime *de minimis*, tamén deberá comunicar calquera axuda obtida polo beneficiario baixo este réxime no presente ano fiscal e nos dous anos anteriores. (Modelo dispoñible na web do Inega).

e) Certificación bancaria orixinal acreditativa da titularidade e identificación da conta para o pagamento da axuda, en que consten o ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

f) Documento xustificativo emitido por organismo competente para a posta en servizo da instalación. No caso en que non se dispoña del na data en que finalice o prazo para xustificar o investimento, deberá presentarse a acreditación de telo solicitado.

g) Fotografía dos equipamentos principais instalados no lugar.

h) Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio os certificados de que se encontra ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración da Comunidade Autónoma, deberá presentar estas certificacións.

O prazo para a xustificación do investimento remata o día 15 de setembro de 2011, e o beneficiario poderá presentalos en calquera dos lugares previstos no artigo 6.3º destas bases.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente para os efectos previstos neste artigo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

*Artigo 21º.-Pagamento.*

1. Os órganos competentes do Instituto Enerxético de Galicia poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, poderase entender que renuncia á subvención.

2. Previamente á proposta de pagamento, os servizos técnicos do Instituto Enerxético de Galicia poderán realizar unha inspección de comprobación material en que certifiquen que se realizou o investimento que foi obxecto da axuda e que tal investimento coincide co previsto na resolución de concesión.

3. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención poderá reducirse proporcionalmente se debido á redución do investimento, se superan as porcentaxes máximas de subvención.

4. Poderanse realizar pagamentos anticipados ás corporacións locais que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, nos termos dos artigos 31.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 63 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As ditas corporacións locais deberán xustificar o pagamento que dá lugar á subvención de acordo co previsto no artigo 20 destas bases reguladoras, dentro da data máxima xa referida do 15 de setembro de 2011.

*Artigo 22º.-Reintegro das axudas.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se for o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás súas normas de desenvolvemento.

*Artigo 23º.-Réxime sancionador.*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 24º.-Fiscalización e control.*

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Enerxético de Galicia para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

*Artigo 25º.-Comprobación de subvencións.*

1. O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

A comprobación material definida no parágrafo anterior poderáselle encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

3. Para todo o non previsto nos puntos anteriores será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 26º.-Publicidade.*

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Enerxético de Galicia.

*Artigo 27º.-Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, excepto os artigos 78, 79 e a disposición adicional

cuarta; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en canto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na restante normativa que resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2010.

Eliseo Diéguez García  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

### ANEXO I

#### Programa de axudas públicas no marco da estratexia de aforro e eficiencia enerxética E4 (plan de acción 2008-2012) e do Inega

##### 1. Sector industria.

##### 1.A. Auditorías enerxéticas a industrias (AEI).

##### Concepto e custo elixible.

Auditorías enerxéticas que analicen o proceso produtivo dunha empresa do sector da industria e que propoñan medidas de redución do consumo enerxético. O estudo poderá ser integral ou limitado a liñas de produción, procesos produtivos ou sistemas auxiliares de gran consumo enerxético.

Inclúense todos os custos externos derivados da realización da auditoría. Os estudos resultantes deberán ter o contido mínimo indicado no documento Contido mínimo de auditoría enerxética dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

##### Beneficiarios.

Empresas incluídas no sector da industria (seccións C e D do CNAE-2009), coa excepción da industria extractiva enerxética, as de refinación de petróleo e biocombustibles e o tratamento de combustibles nucleares, así como as empresas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

##### Contía máxima da subvención.

O 75% do custo do estudo cos seguintes valores máximos de subvención en función do consumo de enerxía final actual da industria.

Consumo enerxía final (tep)	Subvención máx. (€)
Máis de 60.001	22.500
Entre 40.001 e 60.000	18.000
Entre 20.001 e 40.000	15.000
Entre 10.001 e 20.000	12.750
Entre 6.001 e 10.000	10.500
Entre 4.001 e 6.000	9.000
Entre 201 e 4.000	7.500
Entre 51 e 200	5.000
Ata 50	2.000

##### Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: AEI.

##### Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-Copia da auditoría en formato dixital (.pdf).

-Documento Formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), en formato dixital (.xls).

1.B. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética en industrias (PEI).

##### Concepto.

Investimentos en substitución de equipamentos e instalacións consumidores de enerxía por equipamentos e instalacións que utilicen tecnoloxía de alta eficiencia ou a mellor tecnoloxía dispoñible co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de CO<sub>2</sub>. O importe mínimo do investimento subvencionable será de 6.000 euros.

##### Beneficiarios.

Empresas incluídas no sector da industria (seccións C e D do CNAE-2009), coa excepción da industria extractiva enerxética, as de refinación de petróleo e biocombustibles e o tratamento de combustibles nucleares, así como as empresas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

##### Custo elixible.

Investimentos en equipamentos, instalacións e sistemas que transformen ou consuman enerxía no proceso produtivo, así como os sistemas auxiliares necesarios para o seu funcionamento, sempre que se demostre a consecución dun aforro enerxético. Inclúense os proxectos de enxeñaría asociada, obra civil, montaxe e posta en marcha.

##### Contía máxima da subvención.

En equipamentos e instalacións de proceso: 22% do custo elixible.

En renovación de equipamentos auxiliares consumidores de enerxía (caldeiras, compresores, queimadores, motores eléctricos) por outros de alto rendemento e inclusión de sistema de control e xestión que supoñan aforro de enerxía: 30% do custo elixible.

O contía máxima da axuda será de 200.000 euros por proxecto.

##### Documentación da solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: PEI.

-Informe técnico PEI, segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), en formato dixital (.xls).

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

2. Sector do transporte.

2.A. Estudos integrais de mobilidade urbana sustentable (EPM).

Concepto e custo elixible.

Estudos integrais de mobilidade urbana sustentable, dirixidos a promover actuacións na mobilidade urbana que fagan posible un cambio modal cara á utilización de medios de transporte menos consumidores de enerxía.

O estudo debe realizarse de acordo ca Guía práctica PMUS dispoñible en [www.inega.es](http://www.inega.es), incluíndo a avaliación enerxética. A citada guía tamén contén un modelo xeral de especificacións técnicas para a contratación da asistencia técnica.

Beneficiarios.

Os concellos ou a autoridade de transporte público correspondente contratarán a asistencia técnica para a redacción dos plans de mobilidade urbana sustentable (PMUS) das cidades afectadas.

Os proxectos que afecten varios municipios poderán ser presentados nunha solicitude, sempre que presenten a conformidade dos municipios afectados.

Os beneficiarios deberán manifestar o compromiso de levar a cabo as medidas que se propoñan nestes estudos, sempre que sexan viables técnica e economicamente, mediante aprobación polo órgano de Goberno correspondente.

Contía máxima da subvención.

O 60% do custo do estudo cos seguintes valores máximos de licitación en función da poboación da área afectada:

Habitantes	Custo máx. licitación (€)
10.000-30.000	65.000
30.001-50.000	100.000
50.001-100.000	150.000
100.001-300.000	200.000
Máis de 300.000	300.000

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: EPM.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-Copia do estudo en formato dixital (.pdf).

2.B. Estudos de viabilidade de actuacións de mobilidade urbana sustentable (VPM).

Concepto e custo elixible.

-Estudos previos á implantación de medidas específicas de mobilidade urbana sustentable, que teñan un impacto importante no aforro enerxético. Os estudos que teñan por obxecto actuacións de natureza similar terán que integrarse dentro do mesmo.

-Experiencias piloto de medidas relacionadas coa mobilidade urbana: implantación dun sistema de coche compartido, carril-bus, servizo de autobús lanzadeira, etc. Non se inclúen neste caso os investimentos en infraestrutura de obra civil.

-Proxectos piloto para puntos de recarga de uso público para vehículos eléctricos. A rede mínima que debe resultar como consecuencia de cada proxecto é de 10 puntos de recarga superando, en calquera caso, o rateo de 1 punto de recarga por cada 10.000 habitantes do concello ou conxunto de concellos en que se realice o proxecto. Por punto de recarga entenderase cada enchufe ou posto da instalación de recarga.

Beneficiarios.

Concellos, autoridade de transporte público, administracións públicas, empresas ou asociacións empresariais.

As actuacións que afecten varios municipios poderán ser presentadas nunha única solicitude, sempre que presenten a conformidade dos municipios afectados.

Os beneficiarios deberán manifestar o compromiso de levar a cabo as medidas que se propoñan nestes estudos, sempre que sexan viables técnica e economicamente, mediante aprobación polo órgano de Goberno correspondente.

Contía máxima da subvención.

O 60% do custo elixible, cun máximo de custo elixible de 100.000 € para os estudos e 200.000 € para as experiencias piloto. Para os proxectos piloto de redes de puntos de recarga de vehículos eléctricos

será o 40% do custo elixible, cun máximo por proxecto de 200.000 euros, tendo en conta:

	Custo elixible máximo (€)	Contía máxima da subvención (€)
Punto de carga cuberto	1.000	1.000
Obra civil asociada	1.000	
Punto de carga en vía pública	3.500	2.000
Obra civil asociada	1.000	
Punto de substitución de baterías	66.666	10.000
Enxeñaría por punto de recarga	2.000	400
Campaña de comunicación	6.000	6.000

Documentación de solicitude.

- Documentación administrativa e técnica (artigo 5º).
- Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: VPM.

Documentación xustificativa do investimento.

- Documentación establecida no artigo 20º.
- Copia do estudo en formato dixital (.pdf).
- Documento resumo das actividades realizadas segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

2.C. Plans de transporte para empresas (EPT).

Concepto e custo elixible.

-Estudos para a realización dun plan de transporte a unha empresa ou centro de actividade (polígono industrial, centros educativos ou sanitarios, etc.) de máis de 50 traballadores que realicen a súa actividade principalmente nas instalacións ou edificios propios da instalación obxecto do plan, dirixidos a cambiar o modo maioritario de desprazamento ao posto de traballo en vehículo turismo, con baixa ocupación. Os participantes afectados deberán manifestar o seu apoio e o compromiso de levar a cabo as medidas que se propoñan, que e cando sexan técnica e economicamente viables.

O estudo debe realizarse de acordo ca Guía práctica de plans de transporte dispoñible en [www.inega.es](http://www.inega.es).

-Estudos previos á implantación de medidas específicas de mobilidade sustentable, que teñan un impacto importante no aforro de enerxía. Os estudos que teñan por obxecto actuacións de natureza similar terán que integrarse dentro do mesmo.

-Experiencias piloto de medidas relacionadas coa mobilidade sustentable, por exemplo a implantación dun sistema de coche compartido, carril-bus, servizos de autobús lanzadeira, etc.

Beneficiarios.

Concellos, outras administracións públicas, empresas e organizacións empresariais.

Contía máxima da subvención.

O 60% do custo elixible cos seguintes custos máximos de licitación:

Estudos para a elaboración de plans de transporte a empresas:

Traballadores	Custo máx. licitación (€)
50-100	15.000
101-200	20.000
201-1.000	50.000
> 1.001	75.000

Estudos previos á implantación de medidas específicas de mobilidade sustentable: 40.000 €/estudo.

Experiencias piloto de medidas relacionadas coa mobilidade sustentable: 200.000 €/experiencia piloto (non se inclúen os custos de infraestrutura da obra civil).

Documentación de solicitude.

- Documentación administrativa e técnica (artigo 5º).
- Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: EPT.

Documentación xustificativa do investimento.

- Documentación establecida no artigo 20º.
- Copia do estudo en formato dixital (.pdf).
- Documento resumo das actividades realizadas segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

2.D. Xestión de frotas de transporte por estrada (XFT).

Concepto e custo elixible.

Auditorías enerxéticas e investimentos en sistemas tecnolóxicos e aplicacións orientadas á mellora de eficiencia enerxética (sistemas telemáticos de xestión de frotas, software e hardware de planificación e control de rutas, sistemas de mellora de xestión de combustible e de carga e descarga,...) a frotas de transporte de mercadorías e viaxeiros por estrada e a frotas de vehículos de obras e servizos, para mellorar a súa xestión integral e, así, reducir os consumos enerxéticos e aumentar a súa competitividade.

As auditorías resultantes deberán ter o contido mínimo indicado no documento Contido mínimo de auditoría enerxética XFT dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

Beneficiarios.

Institucións e empresas públicas ou privadas de transporte de mercadorías ou de servizo discrecional

de pasaxeiros, así como concesionarias de servizos de transporte público.

Contía máxima da subvención.

Para auditorías: 75% do custo elixible, cun máximo de axuda de 22.500 € por auditoría.

Para investimentos: 40% do custo elixible, cun máximo de axuda de 50.000 € por empresa ou proxecto.

Establécese para ambos os casos un custo máximo elixible de 1.000 €/vehículo.

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5º).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: XFT.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-No caso das auditorías deberá presentarse copia desta en formato dixital (.pdf).

-Documento resumo das actividades realizadas segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

### 3. Sector da edificación.

3.A. Rehabilitación da envolvente térmica dos edificios existentes (ENV).

Concepto.

Actuacións que consigan reducir a demanda enerxética en calefacción ou refrixeración dos edificios existentes, mediante a rehabilitación da totalidade da envolvente térmica ou dalgún dos elementos que a compoñen.

A rehabilitación ten que cumprir ou mellorar as exigencias mínimas que fixa o Código técnico da edificación no documento DB HE-1 Limitación da demanda enerxética, reducindo o consumo de enerxía en calefacción e refrixeración.

A envolvente térmica está composta polos cerramentos do edificio que separan os recintos habitables do ambiente exterior e as particións interiores que separan os recintos habitables dos non habitables que, pola súa vez, estean en contacto co ambiente exterior.

Beneficiarios.

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada (propietarios ou titulares de edificios do sector residencial e terciario, promotores, inmobiliarias, comunidades ou mancomunidades de veciños, empresas municipais de vivenda, administracións públicas, empresas de servizos enerxéticos, etc.).

Custo elixible.

Proxecto de arquitectura/enxeñaría, custo de materiais, obra civil e instalacións auxiliares como estadas, necesarios para realizar a medida.

A auditoría enerxética ou diagnose enerxética previo se se fixer.

Non se inclúe como custo elixible a substitución das carpintarías exteriores (portas e fiestras) e vidros.

Contía máxima da subvención.

Con carácter xeral, para as medidas: 22% do custo elixible, cun máximo de 10.000 euros por vivenda unifamiliar ou individual dentro dun edificio e 300.000 euros por edificio de vivendas en bloque e para edificios do sector terciario.

Nos edificios que xustifiquen que coas medidas subvencionadas acadan unha cualificación enerxética A ou B de acordo co que establece o Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, a porcentaxe de axuda pode chegar ata o 35% do custo elixible se se obtén cualificación A, e ata o 27% cando se obteña unha cualificación enerxética B.

A contía máxima de axuda para a realización da auditoría enerxética, no caso de que se realice, ou cualificación enerxética previa do edificio asociado á medida, no caso de solicitar axuda para clase A ou B, é do 75% do custo elixible, sempre que se executen total ou parcialmente as medidas propostas.

O custo elixible máximo destes estudos será:

Concepto	Custo elixible máximo da auditoría ou cualificación enerxética
Vivenda unifamiliar	5 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 1.500 €/vivenda
Edificios de vivendas en bloque	2 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 8.000 €/edificio
Edificios destinados a outros usos	1 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 15.000 €/edificio

Os m<sup>2</sup> da táboa anterior refírense á superficie dos locais climatizados.

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5º).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: ENV.

-No caso de solicitar axuda para a auditoría e/ou cualificación enerxética previa deberá entregarse copia en formato papel e dixital do estudo.

-No caso de modificacións, reformas ou rehabilitacións de edificios existentes, cunha superficie útil superior a 1.000 m<sup>2</sup> onde se renoven máis do 25% do total dos seus cerramentos, deberase presentar o certificado de eficiencia enerxética do proxecto de edificación suscrito polo proxectista do edificio ou das súas instalacións térmicas, previsto no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro. Deberase acreditar a

inscrición do devandito certificado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, cando sexa de aplicación o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.

-No caso de que coas obras se acade unha cualificación enerxética A ou B, deberase entregar o certificado de eficiencia enerxética de proxecto e as fichas xustificativas ou os arquivos xustificativos da cualificación enerxética segundo a opción de cualificación escollida de acordo co establecido no Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.

-Valorarase positivamente o investimento en vivendas de uso habitual, o que debe xustificarse cun certificado de empadramento. En caso de comunidades de propietarios, deberá xustificarse a residencia habitual de máis da metade dos comuneiros co certificado de empadramento de cada un deles.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20º.

-No caso de que coas medidas proxectadas se acade unha cualificación enerxética A ou B, para xustificar a porcentaxe adicional de axuda, deberá entregarse no momento de xustificar o investimento un certificado da dirección facultativa conforme no transcurso das obras se está a manter ou se mellora a cualificación enerxética recollida no proxecto.

3.B. Mellora da eficiencia enerxética de instalacións térmicas nos edificios existentes (TER).

Concepto.

Actuacións de mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas de calefacción, refrixeración e produción de auga quente sanitaria de edificios existentes do sector residencial e terciario.

Novas instalacións centralizadas de calefacción e refrixeración urbana ou de distrito, ou que dean servizo a varios edificios, así como a reforma e ampliación das existentes.

As actuacións deben conseguir unha redución anual mínima do 20% do consumo de enerxía convencional, que debe xustificarse documentalmente.

As novas instalacións deben cumprir, polo menos, coas exixencias mínimas que fixa o Regulamento de instalacións térmicas dos edificios (RITE) aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.

Os rendementos enerxéticos mínimos exixidos para as caldeiras indícanse a seguir (segundo o establecido no RITE):

-Rendemento a potencia nominal (Pn) en kW e a unha temperatura media da auga na caldeira de 70 °C:  $\eta \geq 90 + 2 \log P_n$

-Rendemento a carga parcial de 0,3 Pn e a unha temperatura media da auga na caldeira  $\geq 50$  °C:  $\eta \geq 86 + 3 \log P_n$

Os equipamentos incluídos no campo de aplicación da norma UNE-EN 14511, deben ter un coeficiente de eficiencia enerxética en modo calefacción (COP) igual ou superior a 3,5, e un coeficiente de eficiencia enerxética en modo refrixeración (EER) igual ou superior a 3, nas condicións establecidas na dita norma.

As actuacións enerxéticas poderán ser, con carácter orientativo e non limitativo, as seguintes:

-Medidas de aforro enerxético recomendadas na inspección periódica de eficiencia enerxética que establece a instrución técnica IT-4 do RITE.

-Substitución de equipamentos de produción de calor e frío con potencia nominal maior de 70 kW por outros de alta eficiencia enerxética (excepto bombas de calor xeotérmicas), seleccionados por un maior rendemento enerxético.

-Substitución de equipamentos de movemento dos fluídos caloportadores por outros, seleccionados por un maior rendemento enerxético.

-Sistemas de arrefriamento gratuíto por aire exterior e de recuperación de calor do aire de extracción.

-Sistemas que combinen equipamentos convencionais con técnicas evaporativas que reduzan o consumo de enerxía da instalación: arrefriamento evaporativo, condensación evaporativa, pre-arrefriamento evaporativo do aire de condensación, arrefriamento evaporativo directo e indirecto previo á recuperación de calor do aire de extracción, etc.

-Sistemas de control e regulación de equipamentos e/ou instalacións que aforren enerxía, por exemplo, en función da variación da temperatura exterior, da presenza ou necesidades do usuario. Sistemas de xestión telemática de subministración de AQS, billas para o control da xestión de AQS.

-Illamento de conducións de auga quente para adaptarse ao cumprimento do RITE.

-Medidas necesarias para implementar unha contabilización e/ou telexestión do consumo de enerxía como as que establece o RITE na súa IT 1.2.4.4.

Beneficiarios.

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada (propietarios ou titulares de edificios do sector residencial e terciario, promotores, inmobiliarias, comunidades ou mancomunidades de veciños, empresas municipais de vivenda, administracións públicas, empresas de servizos enerxéticos, etc.)

Custo elixible.

O custo de materiais, equipamentos, instalacións, proxecto de enxeñaría e obra civil necesarios para realizar esta medida.

Tecnoloxía	Custo elixible máximo
Bombas de calor e equipamentos de xeración de frío	600 €/kW térmico
Caldeiras de condensación	200 €/kW térmico

A auditoría ou diagnose enerxética previa á realización da medida. No caso de que a medida se realice co obxecto de alcanzar unha cualificación enerxética segundo a normativa vixente ou derive da inspección periódica a que obriga o RITE na IT-4, será custo elixible tamén o custo da cualificación e da inspección. Cos seguintes custos elixibles máximos:

Concepto	Custo elixible máximo
Vivenda unifamiliar	5 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 1.500 €/vivienda
Edificios de vivendas en bloque	2 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 8.000 €/edificio
Edificios destinados a outros usos	1 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 15.000 €/edificio

Os m<sup>2</sup> da táboa anterior refírense á superficie dos locais climatizados.

No caso dos sistemas centralizados de calefacción e refrixeración urbana ou de distrito incluírase no custo elixible os equipamentos de xeración, o tendido das canalizacións de transporte de fluídos calportadores, os sistemas de regulación e control e a obra civil directamente asignable para a implantación destes.

Non se considera custo elixible a substitución dunha caldeira por outra que utilice combustible sólido de orixe fósil.

Contía máxima da subvención.

-Con carácter xeral o 22% do custo elixible. Cando estas medidas se realicen nun edificio co obxecto de acadar unha cualificación enerxética A ou B segundo establece o Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, e o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, a contía máxima será do 27% para edificios de clase enerxética B e do 35% para os de clase A.

-Nos casos recollidos no seguinte cadro a porcentaxe de axuda sobre o custo elixible poderá chegar ao máximo indicado:

Sistema de xeración	Contía máxima da subvención	
	Caso xeral	Edificio con cualificación enerxética A (1)
Bombas de calor aire/aire e aire/auga	30%	35%
Caldeiras de condensación		
Equipamento de xeración de frío		

(1) Edificios que coas melloras que se están a realizar acrediten acadar unha cualificación enerxética clase A.

-Nas medidas necesarias para implantar unha contabilización e telexestión do consumo de enerxía a axuda económica poderá acadar ata o 30% do custo elixible. Inclúense tamén os sistemas de monitorización de consumos enerxéticos locais ou remotos.

-O 75% do custo elixible para:

\*Auditoría ou diagnose enerxética de instalacións, sempre que se executen total ou parcialmente as medidas propostas.

\*A enxeñaría requirida para a cualificación enerxética do edificio.

\*A realización da inspección periódica de eficiencia enerxética a que fai referencia a IT 4 do RITE.

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: TER.

-Certificado do coeficiente de rendemento (COP/EER) emitido por un laboratorio independente e acreditado para realizar as probas segundo a norma UNE-EN 14511. Para os fabricantes asociados a Eurovent será suficiente con presentar a impresión da parte da base de datos en que figure a combinación unidade exterior-interior para a cal se solicita a axuda. Para os equipamentos con selo de calidade da EPHA (*Asociación Europea de Bomba de Calor*) será suficiente con presentar calquera documento que xustifique que o modelo ten o dito selo en vigor, para os equipamentos incluídos no ámbito de aplicación da dita norma.

-Xustificación da existencia da instalación previa (por exemplo: boletín da instalación, facturas de combustible/electricidade, fotografías...).

-No caso de solicitar axuda para a auditoría e ou cualificación enerxética previa, deberá entregarse copia en formato dixital do estudo.

-No caso de que coas obras se acade unha cualificación enerxética A ou B, deberase entregar o certificado de eficiencia enerxética do proxecto de edificación suscrito polo proxectista do edificio ou das súas instalacións térmicas, previsto no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro. Deberase acreditar a inscrición do devandito certificado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, cando sexa de aplicación o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.

-Valoraranse positivamente as vivendas de uso habitual, o que debe xustificarse cun certificado de empadramento. En caso de comunidades de propietarios, deberá xustificarse a residencia habitual de máis da metade dos comeneiros co certificado de empadramento de cada un deles.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-No caso de que coas medidas proxectadas se acaden unha cualificación enerxética A ou B, para xustificar a porcentaxe adicional de axuda deberá entregarse no momento de xustificar o investimento un certificado da dirección facultativa conforme no transcurso das obras se está a manter a cualificación enerxética recollida no proxecto.

3.C. Construción de novos edificios con alta cualificación enerxética (CNE).

Concepto.

Actuacións enerxéticas en edificios de nova construción incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, que permitan alcanzar ao edificio a cualificación enerxética de clase A ou B, mediante unha redución no consumo de enerxía, cumprindo o citado Real decreto, o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro e, a Orde do 3 de setembro de 2009 da Consellería de Economía e Industria.

Beneficiarios.

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada (propietarios ou titulares de edificios do sector residencial e terciario, promotores, inmobiliarias, comunidades ou mancomunidades de veciños, empresas municipais de vivenda, administracións públicas, empresas de servizos enerxéticos, etc.).

Custo elixible.

Considerarase como custo elixible o extracusto das medidas de eficiencia enerxética para a envolvente térmica, instalacións térmicas (calefacción, climatización e produción de AQS) e iluminación interior (excepto no caso de vivendas), que permitan pasar do cumprimento das exixencias de eficiencia enerxética establecidos no documento básico HE-1, HE-2 e HE-3 do Código técnico da edificación (equivalente a unha cualificación D) a unha cualificación enerxética A ou B do edificio.

Non se inclúe a instalación de sistemas de aproveitamento de enerxías renovables (como por exemplo enerxía solar térmica, fotovoltaica ou biomasa).

Inclúese o custo da enxeñaría requirida para cualificar enerxeticamente o edificio.

En caso de que as instalacións térmicas contempladas para a obtención da cualificación enerxética sexan obxecto de solicitude doutras subvencións (BCX, BCA) non se considerarán incluídas no custo elixible desta liña.

Contía máxima da subvención.

Para as medidas de eficiencia enerxética a contía máxima da axuda será o custo elixible coas seguintes contías máximas en función da superficie en m<sup>2</sup> que se contabilice para efectos da cualificación enerxética por parte dos programas de referencia ou alternativos utilizados. En edificios cualificados con Calener VYP tratarase da superficie habitable e nos edificios cualificados con GT tratarase da suma dos espazos denominados acondicionados e non acondicionados no informe de cualificación do programa. En ningún caso se considerarán superficies que estean exentas da cualificación segundo o ámbito de aplicación do Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.

Concepto	Axuda máxima para cualificacións B (€/m <sup>2</sup> )	Axuda máxima para cualificacións A (€/m <sup>2</sup> )
Vivenda unifamiliar de nova construción	30	50
Edificios de vivendas en bloque de nova construción	20	35
Edificios de nova construción destinados a outros usos	15	30

Para a realización da cualificación enerxética a contía máxima de axuda é do 75% do custo elixible. O custo elixible máximo destes estudos será:

Concepto	Custo elixible máximo
Vivenda unifamiliar	5 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 1.500 €/vivenda
Edificios de vivendas en bloque	2 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 8.000 €/edificio
Edificios destinados a outros usos	1 €/m <sup>2</sup> cun máximo de 15.000 €/edificio

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: CNE.

-Certificado de eficiencia enerxética do proxecto de edificación suscrito polo proxectista do edificio ou das súas instalacións térmicas, previsto no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro. Deberase acreditar a inscrición do devandito certificado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, cando sexa de aplicación o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.

-Certificado do técnico redactor do proxecto da superficie que se contabilice para efectos da cualificación enerxética por parte dos programas de referencia ou alternativos utilizados.

-Copia en formato dixital do estudo de cualificación (incluídos os arquivos dos programas recoñecidos segundo o Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, polo que se regula o procedemento básico para a certificación enerxética de edificios, que permitan realizar o cálculo da cualificación), no caso de empregar o programa Calener VYP, presentar os arquivos: .cte, .xml e .pdf; no caso de empregar o programa Calener GT, presentar os arquivos .pdf; .inp; .pd2; .pdl.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-Certificado de eficiencia enerxética do edificio terminado (debidamente rexistrado segundo o establecido no Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción en Galicia) ou, na súa falta, un certificado da dirección facultativa conforme no transcurso das obras se está a manter ou se mellora a cualificación enerxética da solicitude.

3.D. Auditoría enerxética nos edificios do sector residencial e servizos (AES).

Concepto e custo elixible.

Estudos de optimización enerxética en edificios do sector residencial e servizos.

Beneficiarios.

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada (propietarios ou titulares de edificios do sector residencial e terciario, promotores, inmobiliarias, comunidades ou mancomunidades de veciños, empresas municipais de vivenda, administracións públicas, empresas de servizos enerxéticos, etc.).

Contía máxima da subvención.

O 75% do custo do estudo cos seguintes valores máximos de investimento en función da superficie e uso do edificio (para evitar saltos, os custos máximos calcúlanse por tramos de superficie, é dicir, sumando os distintos tramos).

Uso	Superficie (m <sup>2</sup> )	Investimento máximo (euros/m <sup>2</sup> )
Uso principal vivenda	<=100	6
	101-1.000	2
	1.001-10.000	0,45
	10.001-100.000	0,3
	>100.000	0,2
Uso principal terciario	<=100	6
	101-1.000	2
	1.001-10.000	0,9
	10.001-100.000	0,6
	>100.000	0,4

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: AES.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-Copia da auditoría en formato dixital (.pdf).

-Documento Formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es) en formato dixital (arquivo.xls).

3.E. Proxectos de instalacións de bombas de calor xeotérmicas (BCX).

Concepto.

Instalación de bombas de calor xeotérmicas en edificios novos ou existentes, destinadas a atender a demanda de benestar térmico e hixiene das persoas, cun coeficiente de eficiencia enerxética en modo calefacción (COP) igual ou superior a 4, e un coeficiente de eficiencia enerxética en modo refrixeración (EER) igual ou superior a 3,5 en condicións de ensaio establecidas na norma UNE-EN 14511.

Beneficiarios.

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada (propietarios ou titulares de edificios do sector residencial e terciario, promotores, inmobiliarias, comunidades ou mancomunidades de veciños, empresas municipais de vivenda, administracións públicas, empresas de servizos enerxéticos, etc.).

Custo elixible.

Bomba de calor xeotérmica, sistema de captación (materiais e obra civil), anticonxelante e depósitos de inercia.

Consideraranse os seguintes custos elixibles máximos:

Tecnoloxía		Custo elixible máximo
Bombas de calor xeotérmica	Intercambio con sondas verticais	1.400 €/kW térmico
	Intercambio horizontal	1.000 €/kW térmico

Non se admitirán solicitudes para bombas de calor de circuíto aberto.

No circuíto primario só se admitirá o emprego de anticonxelante que non estea formado por substancias perigosas para o medio ou constitúa un perigo para a saúde, e tubo continuo.

Contía máxima da subvención.

O 30% do custo elixible.

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: BCX.

-Certificado do coeficiente de rendemento (COP/EER) emitido por un laboratorio independente e acreditado para realizar as probas segundo a norma UNE-EN 14511, para os equipamentos

incluídos no ámbito de aplicación da dita norma. Para os fabricantes asociados a Eurovent será suficiente con presentar a impresión da parte da base de datos en que figure o equipamento para o que se solicita a axuda. Para os equipamentos con selo de calidade da EPHA (*Asociación Europea de Bomba de calor*) será suficiente con presentar calquera documento que xustifique que o modelo ten o dito selo en vigor.

-Certificado de eficiencia enerxética do proxecto de edificación suscrito polo proxectista do edificio ou das súas instalacións térmicas, previsto no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro ou xustificación de non obrigatoriedade. Deberase acreditar a inscrición do devandito certificado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, cando sexa de aplicación o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

3.F. Proxectos de instalacións de bombas de calor aire-auga e aire-aire (BCA).

Concepto.

Instalación de bombas de calor aire-auga e aire-aire en edificios novos, destinadas a atender a demanda de benestar térmico e hixiene das persoas, cun coeficiente de eficiencia enerxética en modo calefacción (COP) igual ou superior a 3,5 e un coeficiente de eficiencia enerxética en modo refrixeración (EER) igual ou superior a 3 nas condicións de ensaio establecidas na norma UNE-EN 14511.

Non serán subvencionables as instalacións destinadas a quentamento de auga de piscinas e calefacción/refrixeración de locais que se vaian acondicionar/reformar en edificios existentes.

Beneficiarios.

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada (proprietarios ou titulares de edificios do sector residencial e terciario, promotores, inmobiliarias, comunidades ou mancomunidades de veciños, empresas municipais de vivenda, administracións públicas, empresas de servizos enerxéticos, etc.).

Custo elixible.

Instalación de bombas de calor aire-aire e aire-auga. Só se inclúe o custo do equipamento; non se inclúen os sistemas de distribución interior.

O custo elixible máximo será de 600 euros/kW.

Contía máxima da subvención.

O 30% do custo elixible.

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: BCA.

-Certificado do coeficiente de rendemento (COP/EER) emitido por un laboratorio independente e acreditado para realizar as probas segundo a norma UNE-EN 14511, para os equipamentos incluídos no ámbito de aplicación da dita norma. Para os fabricantes asociados a Eurovent será suficiente con presentar a impresión da parte da base de datos en que figure a combinación unidade exterior-interior para a cal se solicita a axuda. Para os equipamentos con selo de calidade da EPHA (*Asociación Europea de Bomba de Calor*) será suficiente con presentar calquera documento que xustifique que o modelo ten o dito selo en vigor.

-Certificado de eficiencia enerxética do proxecto de edificación suscrito polo proxectista do edificio ou das súas instalacións térmicas, previsto no Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, ou xustificación de non obrigatoriedade. Deberase acreditar a inscrición do devandito certificado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, cando sexa de aplicación o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

4. Sector servizos públicos.

4.A Renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (Ile/Sem). Eixe 4. Medida 43. Actuación 2.

Concepto.

Renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (Ile), baseados en tecnoloxías pasadas, por outras actuais e máis eficientes, aplicando criterios de aforro e eficiencia enerxética que, segundo se establece no Real decreto 1890/2008, do 14 de novembro, acaden unha cualificación enerxética A ou B. Non se subvencionarán proxectos que teñan unha cualificación enerxética igual ou inferior a C.

Renovación de instalacións de semáforos (Sem) por tecnoloxía LED.

Beneficiarios.

Concellos, institucións públicas e empresas públicas ou privadas concesionarias do servizo de ilumi-

nación exterior, comunidades de propietarios e calquera asociación ou entidade pública ou privada titulares de instalacións de iluminación exterior cuxo fluxo luminoso incida sobre unha vía pública.

Nesta liña de axudas só caberá que o peticionario presente unha solicitude para renovación de instalacións de iluminación exterior (Ile) e outra para reforma de instalacións de semáforos (Sem), que non poderán superar a contía de 100.000 euros en concepto de custo elixible, ningunha das dúas actuacións.

En cumprimento co disposto no convenio co IDAE, todas as instalacións que se acollan á medida de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (Ile) deberán realizar previamente unha auditoría enerxética segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es).

Custo elixible.

Formarán parte das partidas elixibles o custo dos equipamentos, a reforma de liñas e instalacións eléctricas e a realización de proxectos de enxeñaría. Non se incluírán dentro desta liña a ampliación de puntos de luz.

Segundo os criterios do Real decreto 1890/2008, do 14 de novembro, clasifícanse as instalacións de iluminación exterior en vías (funcionais e ambientais), específicas, ornamentais, vixilancia e seguranza nocturna, sinais e anuncios luminosos, festiva e de Nadal. Tendo en conta a citada clasificación, consideraranse instalacións subvencionables e non subvencionables as seguintes:

Instalacións subvencionables:

-Iluminación de vías (funcional e ambiental).

-Iluminacións específicas.

-Iluminacións ornamentais.

Instalacións non subvencionables:

-Iluminación para vixilancia e seguranza nocturna.

-Iluminación de sinais e anuncios luminosos.

-Iluminación festiva e de Nadal.

As instalacións deberán cumprir como mínimo os seguintes requisitos técnicos:

-Sistema de acendido por reloxo astronómico.

-Lámpadas cun rendemento lumínico mínimo de 65 lm/W (lámpada + equipamento).

-As luminarias novas deberán ser pechadas con aloxamento de equipamento e que presenten como características mínimas:

IP 44 no equipamento.

IP 55 na óptica.

IK 08.

Clase eléctrica II.

FHSinst igual ou inferior ao 5%.

-Sistema de dobre nivel, independentemente da potencia instalada.

-Cumprir co Real decreto 1890/2008, do 14 de novembro, en canto a niveis de iluminación e uniformidade das vías a iluminar que se reformen.

-Acadar unha cualificación enerxética A ou B conforme o Real decreto 1890/2008, do 14 de novembro.

Considerarase punto de luz o formado por apoio, soporte, luminaria, lámpada e equipamento auxiliar, completamente instalado e conectado.

Unicamente admitirase como punto de luz o formado por apoio, soporte e dúas luminarias nas instalacións axiais e puntos de luz formados por un apoio, e máis dunha luminaria na iluminación de rotondas e cruzamentos cando estes vaian no centro dos mesmos e non se dispoña doutro tipo de iluminación.

Custos elixibles máximos subvencionables (só inclúen execución material):

Partida		Custo máximo
Cadro de mando, protección e medida		3.640 €
Punto de luz simple	Sen apoio	510 €
	Apoio: -Columna, báculo ou PH -Brazo	1.000 € 200 €
Partida alzada máx. 1% da execución material		700 €
Óptica vehículos cores vermella e ámbar ata 300		175 €
Óptica vehículos cor verde ata 300		345 €
Óptica peóns cor vermella		145 €
Óptica peóns cor verde		175 €

Só se admitirá no orzamento material da instalación unha partida alzada; as partidas restantes deberán levar as súas correspondentes medicións.

Serán subvencionables os gastos de enxeñaría, pero non serán subvencionables os gastos de legalización e posta en marcha.

Contía máxima da subvención.

Os valores máximos de axuda serán en función do número de habitantes do concello:

Número de habitantes	Subvención máx. (%)
< 5.001	70%
5.001-10.000	65%
10.001-20.000	60%
20.001-50.000	55%
> 50.000	50%

Documentación da solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Auditoría e memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: Ile.

-Auditoría e memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: Sem para semáforos.

-Fichas de campo Ile segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-Informe de xustificación Ile segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

-Certificados dos fabricantes das luminarias e equipamentos de aforro instalados, indicando nos certificados o nome da obra, o número de equipamentos, o modelo, o número de pedido e o almacén de venda.

4.B. Auditorías enerxéticas a instalacións de iluminación pública (AEP).

Concepto.

Realización de auditorías de todas as instalacións de iluminación pública exterior existentes dependentes do solicitante.

Os estudos resultantes deberán ter o contido mínimo indicado no documento Contido mínimo dunha auditoría enerxética en instalacións de iluminación pública dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.es>).

Beneficiarios.

Concellos, institucións públicas e empresas públicas ou privadas concesionarias do servizo de iluminación pública exterior, comunidades de propietarios e calquera asociación ou entidade pública ou privada titular de instalacións de iluminación exterior cuxo fluxo luminoso incida sobre a vía pública.

Custo elixible.

O custo máximo elixible por estudo será de 100.000 €. Inclúense todos os custos externos derivados da realización da auditoría.

Contía máxima da subvención.

Os valores máximos de axuda serán en función do número de habitantes do concello e cunha axuda máxima segundo o cadro seguinte:

Número de habitantes	Subvención máx. (%)	Subvención máxima
< 5.001	75%	4.500
5.001-10.000	70%	7.500
10.001-20.000	66%	11.250
20.001-50.000	60%	18.750
50.001-100.000	55%	25.500
> 100.000	50%	40.000

Documentación de solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: AEP.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-Copia da auditoría en formato dixital (arquivos .pdf).

-Documento Formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)) en formato dixital (arquivos .xls).

5. Sector de transformación da enerxía.

5.A Auditorías enerxéticas en coxeracións (AEC).

Concepto.

Auditorías enerxéticas en plantas de coxeración tendentes a mellorar a súa eficiencia enerxética e a adaptar a súa potencia á demanda térmica que deben satisfacer actualmente, todo iso dentro do novo marco legal establecido pola Directiva 08/2004/CE.

Os estudos deberán ter o contido mínimo indicado no documento Contido mínimo dunha auditoría enerxética dunha planta de coxeración dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

Beneficiarios.

Empresas do sector industrial ou terciario con establecemento produtivo na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan en funcionamento unha planta de coxeración.

Contía máxima da axuda.

O 75% do custo da auditoría cunha axuda máxima de 9.000 euros.

Documentación da solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: AEC.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-Copia da auditoría en formato dixital (.pdf).

-Documento Formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), en formato dixital (arquivo .xls).

5.B. Estudos de viabilidade para coxeracións (EVC).

Concepto.

Estudos de viabilidade técnica e económica dirixidos a promover novas plantas de coxeración, que definirán as solucións e os deseños técnicos máis correctos, a partir das demandas de calor útil en cada instalación estudada.

Os estudos deberán ter o contido mínimo indicado no documento Contido mínimo dun estudo de viabilidade dunha planta de coxeración dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

Beneficiarios.

Empresas do sector industrial, servizos e tratamento de residuos industriais.

Contía máxima da subvención.

O 75% do custo do estudo, cun máximo de 11.250 € de axuda por estudo.

Documentación da solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: EVC.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

-Copia da auditoría en soporte papel e dixital (.pdf).

-Documento Formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), en formato dixital (.xls).

6. Sector da agricultura e da pesca.

6.A. Proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector pesqueiro (PES).

Concepto.

Realización de auditorías enerxéticas (que deberán seguir o modelo indicado en [www.inega.es](http://www.inega.es)) e

implantación de melloras derivadas dunha auditoría enerxética previa nos barcos de pesca que supoñan un elevado aforro enerxético e melloren a súa eficiencia.

Custo elixible.

O custo da auditoría enerxética.

Os investimentos nas medidas tendentes á redución do consumo enerxético nos barcos de pesca que veñan indicadas nunha auditoría enerxética. O custo desta auditoría previa tamén se considera elixible.

Beneficiarios.

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada propietarios ou xestores de barcos de pesca.

Contía máxima da subvención.

Para a implantación das medidas que propoñan auditorías enerxéticas previas: 20% do custo elixible.

Para a realización da auditoría enerxética: 75% do custo elixible, cos valores máximos que se establecen na táboa seguinte.

Tipo de barco (eslora)	Axuda máxima (€)
Pesqueiro de altura (>15 m)	25.000
Barcos de litoral (9-15 m)	3.500
Barco de pesca artesanal (6-8 m)	500

Documentación da solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: PES.

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación establecida no artigo 20.

No caso dos investimentos:

-Documento resumo das activades realizadas segundo modelo dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

No caso de auditorías:

-Copia da auditoría en formato electrónico (.pdf).

-Documento Formulario de resultados da auditoría, dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), en formato dixital (.xls).

6.B. Auditorías enerxéticas e proxectos de mellora de eficiencia enerxética no sector agrario (AGR).

Concepto e custo elixible.

Auditorías enerxéticas e implantación de melloras derivadas dunha auditoría enerxética previa en ins-

talacións consumidoras de enerxía no sector agrario destinadas a mellorar a eficiencia enerxética.

A auditoría enerxética previa debe alcanzar a actuación que se vai abordar e xustificar a natureza e os resultados dela.

Beneficiarios.

Empresas do sector primario: agricultura, gandaría e acuicultura.

Custo elixible e contía máxima da subvención.

Para a implantación das medidas que propoñan as auditorías enerxéticas a contía máxima da axuda será dun 20% do custo elixible (illamento térmico, bombas, caldeiras, equipamentos de frío, etc...) e ata un 40% para a mellora dos sistemas de iluminación artificial.

A contía máxima da subvención para a realización tanto da auditoría enerxética como da auditoría previa que ten que ir asociada ao investimento, será do 75% do custo da auditoría cun límite de 7.500 €/estudo.

Documentación da solicitude.

-Documentación administrativa e técnica (artigo 5).

-Memoria técnica a que se refire o artigo 5.B.2: AGR.

-Copia da auditoría previa asociada ao investimento en formato dixital (.pdf).

-Documento Formulario de resultados da auditoría, dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), en formato dixital (arquivo .xls ).

Documentación xustificativa do investimento.

-Documentación administrativa (artigo 20).

No caso dos investimentos:

-Documento resumo das actividades realizadas segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)).

No caso de auditorías:

-Copia da auditoría en formato electrónico (.pdf).

-Documento Formulario de resultados da auditoría, dispoñible na páxina web do Inega ([www.inega.es](http://www.inega.es)), en formato dixital (.xls).

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 23 de xullo de 2010 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, mediante Orde do 14 de xuño de 2010 (DOG nº 119, do 24 de xuño), e de conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do referido decreto, esta consellería,

#### RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, á funcionaria que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual da funcionaria que obtivo a praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión da praza adxudicada será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa a funcionaria, así como a daquel en que obteña praza, realizarán dentro dos prazos sinalados nos puntos anteriores, as dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se lle dará traslado á Dirección Xeral da Función Pública.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase formular un recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do